



DINÁMICA DO SORTEO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN DOS MUSEOS CIENTÍFICOS

Unha vez finalizado o proceso de solicitude de praza nos campamentos de verán, e superando as solicitudes á oferta en cada unha das quendas, procederase a realizar un sorteo público para a adxudicación de 9 prazas en cada quenda.

A dinámica a seguir para a realización do sorteo público, que se celebrará o día 4 de xuño de 2021 ás 12.00 h, nas dependencias dos Museos Científicos, Domus, Ángel Rebollo 91, será a que sigue:

- Asignarase un número a cada solicitude de praza atendendo á orde de entrada dos formularios de solicitude. Este número será o que terá validez de cara ao sorteo. As listaxes cos números asignados publicaránse o 31 de maio na páxina web <https://www.coruna.gal/mc2/gl> para que podan ser consultadas.
- Realizarase un sorteo diferente para cada unha das quendas. Para a quenda 1 introduciranse no bombo tantos números como prazas fosen solicitadas. De igual maneira para a quenda 2, e sucesivas, introduciranse no bombo tantos números como prazas fosen solicitadas.
- Extraerase un número de cada bombo e adxudicaranse 9 prazas en orde correlativo a partir do número extraído (este incluído). Unha vez sexan adxudicadas as 9 prazas, o resto de persoas que solicitaron praza quedarán nunha lista de agarda. Habilitarase unha lista de agarda para cada unha das quendas respectando a orde de solicitude establecida polo rexistro de entrada.
- Só se adxudicará unha quenda por persoa solicitante. No caso de que unha persoa solicitase praza na quenda 1 e na quenda 2 e como resultado do sorteo tocálle praza en ambas quendas, só poderá gozar dunha delas renunciando inmediatamente á da outra quenda que será adxudicada á primeira persoa da lista de espera.

Confirmación das prazas adxudicadas

O **10 de xuño** publicaranse as listas de admisións e as listas de agarda.

Do 11 ao 15 de xuño ábrese o prazo de formalización de inscrición mediante o abono da tasa. No caso de non facelo no prazo establecido, a praza considerarase vacante e será adxudicada á seguinte persoa da listaxe de agarda.